



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de maio de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de maio de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(347).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 13 de maio, ordinaria do 14 de maio e extraordinaria e urxente do 15 de maio de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(348).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021. EXPTE. 197897/301.**

Visto o informe de fiscalización do 12/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor Xurídico Ad-

xunto á Xefatura, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. INFORME

I.1. A «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA» é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

I.2. Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, DOA leva a cabo diversos obradoiros que teñen como obxectivo fomentar a adquisición de habilidades manuais por parte destas persoas doentes, diminuír o tempo adicado a pensamentos propios da súa doenza, fomentar a súa socialización compartindo un traballo común (cartón pedra, coiro e serigrafía) e fomentar a adquisición dos hábitos propios do desempeño dun traballo normalizado (cumprimento de horarios, normas...).

I.4. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20.06.2019 aprobouse o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL "DOA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA», que foi asinado polas partes o 15.07.2019 (Exp. nº 181287/301).

I.5. O gasto aprobado para o financiamento dese Proxecto durante a vixencia do Convenio foi de 21.870€, a razón de 7.290€/ano. Nos orzamentos de 2019 existía xa consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.04 – *Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos*, por importe de 7.290€. A subvención que se propoñía estaba prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que tiña a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o Art. 28 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As achegas municipais previstas para os exercicios posteriores de 2020 e 2021 (outros 7.290€/ano) quedaban condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.



## Concello de Vigo

I.6. Sucede que nos orxamentos anuais para o exercicio de 2020, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 23.12.2019 (BOP nº 247, do 27.12.2019) figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 ("*Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos, DOA*"), un importe de **10.000€** (2.710€ máis) polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación da Cláusula Cuarta do Convenio.

I.7. En efecto, dacordo co previsto na súa Cláusula Décima: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

I.8. Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, a ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL "DOA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA».

I.9. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA» sometida á aprobación da XGL do 20.06.2019, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.11. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 20.06.2019.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBR e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

I.15. Agás mellor criterio en contra, pola materia obxecto desta Addenda (ampliación da dotación económica prevista para a execución de programa de actividades para persoas con problemas de saúde mental) e a finalidade do Convenio que na súa virtude se modifica (mellora da calidade de vida destas persoas e das súas familias), a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación da Addenda ó Convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo e a «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo e a «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA», para o desenvolvemento do seu Programa de actividades – anos 2019-2021: obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía, co texto que a seguir se transcribe.



## Concello de Vigo

TERCEIRO.- Dacordo coa mesma, a achega municipal total para o que resta de vixencia deste Convenio será de 20.000€, a razón de 10.000€/ano con cargo, no exercicio de 2020, á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 (“*Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos, DOA*”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL “DOA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA»**

*En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]*

### COMPARECEN

*Dunha parte,*

*A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.*

*Doutra parte,*

*D. Leopoldo Robla Álvarez, con DNI nº 07939610-X, Presidente da “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA”, CIF nº G-36044295, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 84 de Vigo.*

### INTERVEÑEN

*D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).*

*D. Leopoldo Robla Álvarez, actuando en representación da Asociación DOA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo adoptado na reunión da súa Asemblea Xeral do 23.10.2017, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I. O 15.07.2019 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó EFERMO MENTAL “DOA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20.06.2019 (Exp. nº 181287/301).

II. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA” para o desenvolvemento dun OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA nos anos 2019-2021 para persoas con problemas de saúde mental.

Para estes efectos, DOA comprometeuse a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento do mencionado obradoiro, que se desenvolverá durante os anos 2019, 2020 e 2021 dacordo cos obxectivos, previsións e cronograma que figuraban na proposta presentada pola Asociación e que constan no Exp. nº 181286/301.

III. Na súa Cláusula Cuarta estableceuse o seguinte: «O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade DOA unha **subvención** para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 **por importe de 7.290€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 21.870€**. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2020, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 23.12.2019 (BOP nº 247, do 27.12.2019) figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 (“Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos, DOA”), un importe de **10.000€**, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Cláusula do Convenio.

V. En efecto, dacordo co previsto na súa Cláusula Décima: «Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

#### ACORDAN



## Concello de Vigo

«PRIMEIRO: Modificar a Cláusula Cuarta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó EFERMO MENTAL "DOA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade DOA unha **subvención** para os exercicios de 2020 e 2021 **por importe de 10.000€/ano; en total, polo período que resta de vixencia do Convenio: 20.000€**. O gasto de 2020 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – “Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos, DOA”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

SEGUNDO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio subscrito o 15.07.2019 entre a Alcaldía – Presidencia e o representante da «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

### **4(349).- RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO MIXTO DE OBRA E SERVIZOS DAS OBRAS DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ” E O MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, DO MOBILIARIO URBANO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS. EXP-TE. 6440/241.**

Visto o informe xurídico do 6/05/2020 e o informe de fiscalización do 13/05/2020, daíse conta do informe-proposta do 4/05/2020, asinado pola técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto mixto de obra e servizos para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (PCAP)
- Real decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de outubro de 2018, acordou "Aprobar o proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018".

**Segundo.-** Na sesión do 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ"*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.11.2018*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "UN MILLÓN CATROCIENTOS MIL EUROS" (1.400.000,00 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 242.975,21 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.75 (PROXECTO INTEGRACIÓN URBANA VÍA VERDE, DENDE CHAPELA A URZÁIZ).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre*





## Concello de Vigo

*Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 1.135.819,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 197.125,78 euros.*
- b) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento de zonas verdes e mobiliario urbano de 4 trimestres (6 trimestres en total).*
- c) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento das instalacións eléctricas de 4 trimestres (6 trimestres en total).*

**Cuarto.-** O contrato formalizouse en documento administrativo nas datas 6 e 7 de febreiro de 2019.

**Quinto.-** Na sesión do 9 de maio de 2019, a Xunta de Goberno local acordou autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Alberto Moreno Pike. Consta no expediente que xustificación técnica da modificación foi a seguinte:

*"No ámbito de actuación entre Urzáiz e o pk 0+000, posteriormente a licitación da obra de referencia e previamente a firma da acta de comprobación de replanteo, deron comezo as obras do Centro Comercial Vialía que presentan un ámbito de actuación compartido no citado tramo, como se deixou constancia na propia acta de comprobación de replanteo.*

*Unha vez realizado o replanteo da obra comezáronse os traballos de acondicionamento previo na mesma, procedendo desbrozar e limpar o primeiro tramo do ámbito de actuación, dende Urzáiz ata o pk 0+900 aproximadamente.*

*Tralos axustes realizados na nova obra do Centro Comercial, comprobouse que, coas disposición proposta actual, existe solape entre o trazado da vía verde e os axustes do novo aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, polo que tras diversas reunións mantidas cos responsables de ADIF e das actuacións do Centro Comercial Vialía, considerase necesario o axuste do trazado da vía verde lixeiramente no tramo citado e a adecuación as novas condicións de contorno da actuación do centro comercial e a súa interacción con esta e coa rúa Vía Norte".*

**Sexto.-** O 10 de decembro de 2019, os directores facultativos da obra emitiron informe no que conclúen na necesidade de recibir parcialmente a obra (entre o pk 0+120 e o pk 0+530) por atoparse actualmente finalizada e na imposibilidade de executar o resto da obra pola necesidade de modificar o contrato en máis dun 20% do seu prezo.

**Sétimo.-** O 16 de decembro de 2019 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario remite o expediente ao Servizo de Contratación para a realización dos trámites oportunos para a resolución do contrato.

**Oitavo.-** Con data do 13 de febreiro de 2020 os directores facultativos da obra emiten informe sobre o estado da obra.

**Noveno.-** O 2 de marzo de 2020, a técnica de Administración xeral coa conformidade da xefa do Servizo de Contratación formularon proposta de resolución deste contrato á Xunta de Goberno local.

**Décimo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 6 marzo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato mixto de obra e servizos para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas adxudicado pola Xunta de Goberno local á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. na sesión do 31 de xaneiro de 2019 por un prezo total de 1.135.819,99 euros e un prazo de execución dun ano, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1g da LCSP (a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205).*

*2º.- Declarar a urxencia da tramitación en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.*

*3º.- Dar traslado deste acordo ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción deste acordo para formular as alegacións que estimen convenientes”.*

Este acordo foi notificado ao contratista o 9 de marzo de 2020.

**Undécimo.-** Con data 16 de marzo de 2020 D. Fernando Iturralde García-Diego, xerente único da UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. – EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., presenta escrito (nº de documento 200042686) no que manifesta a súa conformidade co contido da proposta da Xunta de Goberno local (acordo notificado con rexistro de saída nº 10136-2020) e solicita devolución dos avais depositados como garantía da mencionada obra (achega copia) e indicación do importe do novo aval que deba presentarse como garantía da parte de obra realmente executada.

**Décimo segundo.-** O 31 de marzo de 2020, D. Fernando Iturralde García-Diego, con DNI 13.752.748-J en representación da UTE VÍA VERDE presenta escrito (documento nº 200045973) no que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos deste expediente.

**Décimo terceiro.-** Na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:*

- *A tramitación interna dos expedientes de contratación.*



## Concello de Vigo

- *A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- *A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- *A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- *A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- *Procedementos de modificación de contratos.*
- *Procedementos de cesión de contratos.*
- *Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- *Procedementos de prórroga dos contratos.*

*2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

*3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.*

*4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal”.*

**Décimo cuarto.-** Con data do 4 de maio de 2020, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario indica mediante dilixencia dirixida ao Servizo de Contratación “[...] cabe indicar que o gasto debe ser autorizado aplicando os créditos da aplicación orzamentaria 1532.226.99.01 (indemnizacións) existindo crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a execución do proxecto de “**IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ**” e o o servizo de mantemento das zonas verdes, o mobiliario urbano e a instalación eléctrica da Vía Verde.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato mixto por comprender prestacións propias do contrato típico de obra (98,22%) e do contrato de servizos (1,78%).

Resulta preciso determinar o réxime aplicable á resolución contractual. Segundo o artigo 18.1 da LCSP, o réxime xurídico dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos mixtos determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2, que regula os pregos de cláusulas administrativas particulares (*“No caso de contratos mixtos, detallarase o réxime xurídico aplicable para os seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles”*).

Prevé a cláusula 42.1 do PCAP que *“A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 245 e 246 da LCSP e para o contrato de servizos no artigo 313 da LCSP”*.

**-II-**

### **Da resolución**

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211, 245 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras e servizos



## Concello de Vigo

respectivamente, podemos concluir que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) **A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205;** ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de obras (artigo 245 da LCSP):

- j) A mora inxustificada na comprobación do replanteo.
- k) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- l) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- m) A desistencia.

Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):

- n) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinala outro menor.
- o) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinala outro menor.
- p) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

## **Da resolución derivada da modificación do contrato**

A LCSP establece unha regulación da modificación dos contratos que parte da diferenciación introducida no noso ordenamento pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía sustentable, entre modificacións pactadas e modificacións que operan ex lege.

Así o seu artigo 203.2 determina que os contratos só poderán modificarse “*cando así se teña establecido no prego de cláusulas administrativas particulares*” nos termos previstos no artigo 204, ou “*excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares sempre e cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205*”; precepto que incorpora o conxunto de circunstancias que, de acordo co artigo 72 a Directiva 2014/24, fan posible a variación do contrato sen necesidade de acudir a unha nova licitación.

Fóra destes supostos, engade o artigo 203.2, “*se fora necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes, ...*”. En coherencia con esta previsión, o artigo 211.1.g) considera causa xeral de resolución “*a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205*”. Agora ben, o artigo 211.1.g), e aquí radica a súa novidade en relación co establecido no TRLCSP, prevé tamén a resolución do contrato “*cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205*”, isto é, sendo posible a súa variación, “*as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do mesmo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE*”.

O artigo 206.1 declara obrigatorias para o contratista as modificacións impostas pola Lei que non excedan desta contía. Se a supera, require a súa “*previa conformidade por escrito*”, resolvéndose “*o contrato, en caso contrario*”.

Reprodúcese a continuación o informe emitido polos directores facultativos da obra o 13 de febreiro de 2020:

**1.-** *A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo Aprobar o proxecto de “IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ”.*

**2.-** *A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.*

**3.-** *O Acta de comprobación de replanteo foi asinada en data 13 de febreiro de 2019. O prazo de execución da obra recollido na licitación é de 6 meses para a execución da obra e 6 meses trala finalización das obras e firma da acta de recepción para a execución do servizo de mantemento.*

**4.-** *Con data 9 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local autoriza a redacción de proxecto modificado, coa seguinte xustificación técnica:*

*“No ámbito de actuación entre Urzáiz e o pk 0+000, posteriormente a licitación da obra de referencia e previamente a firma da acta de comprobación de replanteo, deron comezo as*



## Concello de Vigo

*obras do Centro Comercial Vialia que presentan un ámbito de actuación compartido no citado tramo, como se deixou constancia na propia acta de comprobación de replanteo.*

*Unha vez realizado o replanteo da obra comezáronse os traballos de acondicionamento previo na mesma, procedendo desbrozar e limpar o primeiro tramo do ámbito de actuación, dende Urzáiz ata o pk 0+900 aproximadamente.*

*Tralos axustes realizados na nova obra do Centro Comercial, comprobouse que, coas disposicións propostas actual, existe solape entre o trazado da vía verde e os axustes do novo aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, polo que tras diversas reunións mantidas cos responsables de ADIF e das actuacións do Centro Comercial Vialia, considerase necesario o axuste do trazado da vía verde lixeiramente no tramo citado e a adecuación as novas condicións de contorno da actuación do centro comercial e a súa interacción con esta e coa rúa Vía Norte.”*

*5.- En data 10 de maio de 2019 se paralizan os traballos tanto do ámbito afectado polo modificado, entre Vía Norte e o pk 0+036, como o tramo pendente da retirada de vía férrea por parte de ADIF, entre pk 0+0775 e o pk 3+650.*

*6.- En data 01 de agosto de 2019, a UTE adxudicataria da obra solicita a recepción parcial da obra, entre o pk 0+120 e o pk 0+530.*

*7.- En data 10 de decembro de 2019 a dirección facultativa emite informe sobre o estado do contrato.*

*9.- En data 18 de decembro de 2019 se procede a recepción parcial da obra, entre o pk 0+120 e o pk 0+530.*

*10.- Desde a data da certificación de obra número 10, non se levaron a cabo traballos na obra. Tódalas actuacións levadas a cabo con anterioridade a esa data foron xa convenientemente recollidas na citada certificación e anteriores.*

### **MODIFICACIÓNS NECESARIAS PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA.**

*Trala autorización pola XGL da redacción do proxecto modificado en data 9 de maio de 2019, comezouse o estudo detallado das modificacións necesarias para incluír no documento modificado. Tamén se continuou coa execución da obra, así como co estudo do resto do ámbito de actuación.*

*Para o ámbito por executar, durante estas labores de redacción do proxecto modificado detectáronse nos últimos meses as seguintes circunstancias que obligan as modificacións necesarias na obra, que se resumen a continuación:*

*1) Os axustes de trazado no entorno do aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, obriga a unha nova solución estrutural para salvar o noiro existente nunha lonxitude considerable de máis de 100 metros lineais, que según o estado do material deste noiro no entorno do pk 0, cimentación e nova pasarela se estima o sobrecooste no entorno de 150.000 euros en execución material (aprox. 15% de incremento)*

2) Tras proceder ás labores de desbroce do resto do ámbito e execución da obra, detectáronse taludes inestables, de notable altitude, ata 6 metros, entre outros os situados nos pkk 0+800 (aprox 30 metros) 2+600 (50 ml) 3+400 (50 ml). Se estima a estabilización destes ou a execución de solución mediante muro de contención, a falta dun cálculo detallado no entorno de mínimo 60.000 euros en execución material (aprox 6% de incremento)

3) Tralo comezo da obra, descubriuse o estado deteriorado de algúns elementos non estruturais ocultos baixo o balasto, que o o proxecto recollía a restaurar para manter o seu uso, pero que, tralo proceso de retirada da vía levado a cabo por ADIF con posterioridade a licitación da obra, e o comezo desta, detectaron a obriga agora da súa reposición en algúns tramos e que non están contemplados no proxecto constructivo. Se estima en aprox 10.000 euros en execución material (aprox 1% de incremento)

4) Nos últimos meses ADIF levou a cabo a retirada da vía existente, según as obrigas do convenio firmado. O estado do balasto trala remoción de parte deste no proceso de levantamento e retirada da vía e das travesas, modifica as condicións recollidas no proxecto, supoñendo un residuo tipificado de modo distinto ao recollido no proxecto, que encarece a xestión de residuos ao ser necesario varias labores de cribado e separación previas deste. Este canon de vertido de residuo ou as labores previas a executar para alcanzar a situación recollida no proxecto, supón un incremento de coste que se estima no entorno de 150.000 euros en execución material (aprox 15% de incremento).

5) Asemade tralo comezo das obras e transcurso destas recibíronse reclamacións veciñais sobre mantemento de taludes nos marxes das vías, que plantexan diferenza de superficie de actuación nos marxes do ámbito da actuación con respecto a liña de cesión facilitada por ADIF, con discrepancias con respecto a titularidade manifestada polos titulares das parcelas contiguas en ámbitos como Buenos Aires ou Vía Norte que tamén necesitan aclaración e que afectan principalmente como aumento de medicións de certas unidades de obra.

Nos puntos expostos anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, modifica substancialmente a base económica inicial do proxecto e fai necesario incorporar asemade prezos novos.

## **CONCLUSIÓN:**

Para o ámbito por executar, as actuacións necesarias para a finalización da obra, de retranqueo da traza no entorno de Vía Norte, a consolidación de taludes, a renovación de elementos non estruturais e a correcta xestión de residuos contaminados non tipificados uniformemente, a falta dun estudio detallado do resto da traza que podería aumentar esa cifra, superan amplamente o límite de modificacións do 20% previsto nas FEC do prego que rixe a licitación, polo que non se axustan aos límites económicos das recollidos nos pregos de licitación. Estas modificacións necesarias citadas non son causa imputable ao contratista e ademais alteran o obxecto do contrato.

Esta imposibilidade de executar a prestación nos termos pactados, se recolle no artigo 211 do LCSP como causa de resolución do contrato.





## Concello de Vigo

*Se considera liquidada a obra executada ata o de agora coa certificación n.º 10 cun importe líquido a orixe con IVE de 429.912,14 euros, xa tramitada e con pago efectivo.*

*Se recomenda a realización dun novo estudio detallado para o resto do ámbito das necesidades e do estado real tralo paso das obras de ADIF, plasmado nun novo proxecto construtivo que solvente tódalas incidencias anteriores e adapte o obxeto das obras, para a súa posterior licitación”.*

Tras un exame das causas de resolución, e á vista do informe da dirección facultativa, podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado g) do artigo 211.1 da LCSP, concretamente na imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme ao artigo 204, por tratarse de modificacións previstas no PCAP.

En efecto, o apartado 14 do Anexo I -FEC- do PCAP prevé a modificación deste contrato nos seguintes termos:

### *“14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO*

*A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*

*B) ASPECTOS A MODIFICAR: As unidades de obra de levantamento e demolicións, drenaxe, abastecemento, alumado público, carril bici, senda peonil, pechamentos, accesos e explanadas, mobiliario urbano, xardinería, sinalización, obras complementarias, seguridade e saúde e xestión de residuos*

*C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto*

*D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato*

*E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”*

Prevé o artigo 204 LCSP referido ás “*modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares*”, que os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do 20% do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se tivera advertido expresamente desta posibilidade. Este mesmo límite é o previsto no apartado 14D do Anexo I -FEC- do PCAP.

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato nin alterar a natureza global do contrato inicial.

O informe dos directores facultativos da obra indica que a obra liquidada e executada ascende a 429.912,14 euros, polo que restarían por executar 705.907,85 euros. Establece así mesmo, que a modificación necesaria superaría amplamente o 20% do prezo inicial (aproximadamente o 37%), requirindo incorporar prezos novos e alterando a natureza global do contrato inicial.

### -III-

#### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Debe significarse que nos supostos de resolución nos que non concorren circunstancias das modificacións dos artigos 204 e 205, as partes non dispoñen da facultade de optar entre o exercicio da potestade resolutoria ou o mantemento do contrato, senón que a propia norma impón a súa extinción.



## Concello de Vigo

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Consta no expediente a **conformidade do contratista** coa resolución deste contrato, segundo documento presentado o 16 de marzo de 2020 por D. Fernando Iturralde García-Diego, xerente único da UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. – EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., (nº de documento 200042686). Coa conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

No referido escrito, ademais da conformidade, solicítase a devolución dos avais depositados como garantía da obra (achega copia) e indicación do importe do novo aval que deba presentarse como garantía da parte de obra realmente executada.

Cómpre indicar que a referida UTE presentou con data 31 de xaneiro de 2020, para a adxudicación deste contrato, xustificante do aval depositado por importe de 32.854,31 euros e nº de operación 201900008652 (segundo o seu escrito, para responder do 70% da garantía) e transferencia bancaria polo 30% restante por importe de 14.080,41 euros; en total 46.934,72 euros.

Tendo en conta o disposto pola dirección facultativa de data do 13 de febreiro de 2020, a obra liquidada e executada ascende a 429.912,14 euros, polo que restarían por executar 705.907,85 euros. En consecuencia, o importe da garantía para responder da obra realmente executada ascendería a 17.764,96 euros.

Respecto da devolución da garantía xa depositada, a súa devolución será obxecto doutro procedemento por ter delegado a Xunta de Goberno local a competencia no concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda a través do acordo de delegación do 20 de xuño de 2019.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

### -IV-

#### **Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP.

O seu apartado 3 prevé que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía y deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe do a garantía incautada. En todo

caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, tivese constituído.

Segundo o indicado no informe da dirección facultativa do 13 de febreiro de 2020 *“Estas modificacións necesarias citadas non son causa imputable ao contratista e ademáis alteran o obxeto do contrato”*, polo que non procede a incautación da garantía definitiva.

O seu apartado 4 establece para o suposto de resolución do artigo 211.1.g que o contratista terá dereito a unha indemnización do 3% do importe da prestación deixada de realizar, agás que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola Administración ao abeiro do artigo 205.

Prevé o artigo 111 da LCSP que a garantía non será devolta ou cancelada ata que se teña producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Así mesmo, establece, para o suposto de recepción parcial, que só poderá o contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.

A este respecto, a cláusula 24.7 do PCAP que rexe esta contratación remite a devolución e cancelación das garantías ao disposto nos artigos 111 da LCSP e 65.2 e 3 RLCAP, polo que procedería a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía definitiva.

Por outra banda, e tendo en conta o informado pola dirección facultativa o 13 de febreiro de 2020 procedería indemnizar ao contratista co 3% do importe da prestación deixada de realizar. En consecuencia, se a obra liquidada e executada ascende a 429.912,14 euros, restarían por executar 705.907,85 euros, polo que o importe da indemnización a favor do contratista serían 21.177,24 euros.

**-V-**

### **Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resolto é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.



**Concello de Vigo**

**-VI-**

**Suspensión de prazos como consecuencia do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**

De conformidade coa disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 "*suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudárase no momento no que perda vixencia este real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas*". Esta suspensión aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015.

No entanto, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Sen prexuízo do anterior, desde a entrada en vigor do citado real decreto, tamén se poderá acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A este respecto, consta no expediente conformidade do contratista coa non suspensión dos prazos e acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 polo que se excepciona da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos e se acorda continuar coa tramitación, entre outros, dos procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

**-VIII-**

**Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"1º.- Resolver o contrato mixto de obra e servizos para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas adxudicado pola Xunta de Goberno local á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. na sesión do 31 de*

xaneiro de 2019 por un prezo total de 1.135.819,99 euros e un prazo de execución dun ano, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1g da LCSP (a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205).

2º.- Iniciar os trámites oportunos para a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía definitiva.

3º. Autorizar o gasto por importe total de 21.177,24 euros en concepto do 3% do importe da prestación deixada de realizar.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.226.99.01 (INDEMNIZACIÓNS) a nivel de bolsa de vinculación.

4º.- Notificar este acordo ao contratista e publicar no perfil de contratante”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(350).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DO PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO RESERVADO A EMPRESAS DE INSERCIÓN (DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 4ª E 48ª DA LCSP). EXPTE. 194221/301.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2020, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesa data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do



## Concello de Vigo

Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª e 48ª LCSP), do programa coidadores de barrio do servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas (13.12.2019; trámite nº 45), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ( 22.01.2020; trámite nº 157) e a demais documentación necesaria.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.079.999,98€, IVE incluído), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310. 2279902 programa inserción laboral e a súa bolsa de vinculación dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:*

*2020: 359.999,99€.*

*2021: 539.999,99€.*

*2022: 180.000,00€.*

*CUARTO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de abril de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	85 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., o día 29 de abril de 2020, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 14 de abril de 2020 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión do 28 de abril de 2020, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula en aplicación da cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.





## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 1.060.070,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96.370,03 euros.
- b) Comprométese a contratar 1 coidador/a de barrio a maiores do mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(351).- PROPOSTA PARA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (FUNDACIÓN VIDE) POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2020. EXPTE. 19576/333.**

Visto o informe xurídico do 27/05/2020 e o informe de fiscalización do 11/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 7/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente 19576/333 sobre a transferencia de financiamento á Fundación Vigo en Deporte, atendendo á detección dun erro material no punto 1 da proposta, procédese a corrixir dito apartado, quedando tal e como se detalla:

- PRIMEIRO: Continuar a tramitación do expediente administrativo de transferencia de financiamento á Fundación Vigo en Deporte, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo

Atendendo ós antecedentes descritos, faise a seguinte proposta:

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de

xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Na documentación achegada pola Fundación Vide consta a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2020, que ascende a un total de 194.000,00€ tal como se detalla:

- Gastos:

Axudas e outros	70.450,00 €
Persoal	40.000,00 €
Gastos de explotación	83.550,00 €
Total	194.000,00€

- Ingresos:

Transferencia Concello de Vigo	125.00,00 €
Achegas privadas	39.000,00 €
Cotas usuarios	30.000,00 €
Total	194.000,00€

A Fundación Vide, desde o ano 2014, tramita os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; da mesma forma, con carácter trimestral desde a Fundación Vide se cumprimenta na citada Oficina Virtual a información de pagamentos según o establecido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

VIDE reúne as circunstancias necesarias, segundo o establecido no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, para ser considerada fundación do sector público.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de "Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación".



## Concello de Vigo

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*, e atendendo a que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano na partida orzamentaria 3410.489.00.02 unha “Aportación ordinaria á Fundación Vide” por importe de 125.000,00€, plantéase a presente transferencia de financiamento por dito importe.

A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiamento é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2020 dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras aportacións, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiamento implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, segundo o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No que respecta á comprobación, xustificación e control da aportación municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederase mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2020.

Respecto a tramitación cabe sinalar a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non onstante dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade coa non suspensión do prazo procede a continuidade na tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-



## Concello de Vigo

delegado da Área de Deportes e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**PRIMEIRO:** Continuar a tramitación do expediente administrativo de transferencia de financiamento á Fundación Vigo en Deporte, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo

**SEGUNDO:** A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:

a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2020 dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2020.

e) Obrigas da Fundación Vide:

- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.
- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:
  - Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.
  - Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
  - Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.
  - Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:
    - Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.
    - Memoria de prensa.
    - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
  - Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.

f) Obrigas do Concello de Vigo:

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.



## Concello de Vigo

- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:
  - O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
  - O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2020.

g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.

h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiamento.

k) A Fundación Vide está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiamento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e na Lei 3/2018, do 1 de outubro, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(352).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2020". EXPTE. 17259/77.**

Visto o informe de fiscalización do 14/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 8/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. Obxecto:**

A Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá pon en marcha a presente convocatoria de "**Axudas Municipais á contratación**" para este ano 2020, dando

continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras desempregadas empadroadas no Concello de Vigo, cara a súa inserción laboral, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

Ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 modificado polo Decreto 465/2020, determínase a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non obstante, a dita regra xeral admite excepcións, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos; xa que logo, ampliouse o ámbito subxectivo das axudas á contratación a outros colectivos afectados pola actual situación sociolaboral e as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 (segundo se reflicte no expte. 17239/77).

## **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei





## Concello de Vigo

5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas emprendedoras e micropemes, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Os/as beneficiarios/as poderán optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos):** como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 28 de agosto de 2020, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións):** nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 28 de agosto de 2020 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e o servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE).

### IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, defínense os seguintes colectivos preferentes e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

#### **V. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

#### **VI. Contido:**

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano Colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias, e ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 modificado polo Decreto 465/2020, son as seguintes:

- Nos apartados *a.1.* e *b.1 Beneficiarios*: a presente convocatoria vai dirixida ás persoas emprendedoras e micropemes e abarca a contratación das persoas traballadoras desempregadas ou das que transformen o seu contrato en indefinido en xeral, con especial fincapé nos colectivos máis vulnerables, sobre todo a partires da declaración do estado de alarma a causa do COVID-19.
- No programa de contratación, na *base b.1* e no *requisito b.2.4*, exclúese ás persoas traballadoras afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) dado que, aínda que estean en situación de desemprego, éstas retornarán á empresa e manterán o seu contrato alomenos durante 6 meses.
- Nas bases *a.5.1* e *b.5.1 Solicitud*, mentres dure a situación de suspensión temporal da atención presencial no Concello de Vigo os solicitantes non obrigados que carezan de



## Concello de Vigo

certificado dixital ou carpeta cidadá, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

-No Programa indefinidos, engadiuse no apartado *a.5.2. Documentación*, a esixibilidade, de ser o caso, de achegar a documentación acreditativa por aquelas entidades que se tivesen acollido a un ERTE, de xeito que se que poida xustificar a vida laboral correspondente.

- Así mesmo e, atendendo á excepcionalidade da actual situación de emerxencia, ampliouse o período no que pode formalizarse o contrato ou a transformación do contrato en indefinido, ata o 3 de setembro de 2020; tal e como reflicten os apartados *a.5.3 e b.5.3 Prazo de presentación* ao ampliarse.

- Os requisitos *a.2.5 e b.2.6* especifican que as condicións para o incremento da contía a conceder, deberán concorrer no momento da transformación do contrato a indefinido ou de formalización do contrato.

- O contido do requisito *a.2.7* da convocatoria anterior, dividiuse nos actuais apartados *a.2.7 e a.2.8* na actual convocatoria

- Nos apartados *a.3 e b.3 Tipos e contías da axuda* amplía o ámbito subxectivo da axuda para as persoas traballadoras desempregadas en xeral e incorpórase o colectivo de persoas maiores de 45 anos para o incremento da axuda a conceder.

- Establécese un límite máximo de subvención por empresa solicitante que non poderá exceder dunha contía de 10.000,00€ a conceder en cada modalidade.

- Nos apartados *a.4.9 e b.4.10 de Obrigas* se amplía o período no que deberá manterse exposto o cartel informativo do financiamento do Concello de Vigo.

- Nas bases *a.6. e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento* modifícase o parágrafo relativo ao xeito de publicar a resolución do procedemento, o que tamén se reflicte na *base 4.1 e na base 6.2*.

- Na *base 3. Exclusiones e incompatibilidades* actualízase a redacción do segundo parágrafo relativo ao caso de non exclusión de contratación por conta allea a fillos/s menores de 30 anos tanto se conviven como se non.

- Na *base 9ª. Disposición adicional* modifícase a asignación orzamentaria e a súa denominación coa conformidade do servizo de Contabilidade, segundo informe de data do 31.03.2020.

- No *Anexo I* se incorpora o contido do Anexo II. Declaración responsable doutras axudas da convocatoria anterior (que se elimina) e adáptase o texto e a súa presentación para ser menos reiterativos e simplificar a súa cumprimentación.

- No *Anexo V*. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención do programa contratacións suprímese a columna de “Experiencia” por non ser unha información necesaria nesta convocatoria e a columna “Colectivo” por ser un dato reiterativo.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

### **VII. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das

subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **VIII. Contía total e crédito orzamentario:**

Para a convocatoria do ano 2020 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **100.000,00€** (cen mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

- Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **75.000,00€** (setenta e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.
- Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

O límite máximo de subvención por empresa solicitante non poderá exceder, polo conxunto das contratacións e/ou transformacións de contrato realizadas, de 10.000,00 €, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotase o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### **IX. Publicidade:**

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.



## Concello de Vigo

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), na oficina de información do Concello de Vigo e na oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego (Casa do Concello - 4º andar) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

### **X. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **XI. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo para a aprobación das Bases Reguladoras e Convocatoria de subvencións de concorrencia

competitiva de "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2020", núm. 17259-77, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 modificado polo Decreto 465/2020, sendo preciso para o interese xeral, ao ter por obxecto a concesión de incentivos á contratación de persoas desempregadas así como á transformación de contratos temporais en indefinidos por parte dos autónomos e das pemes da cidade, téndose ampliado o seu ámbito subxectivo a outros colectivos afectados pola actual situación sociolaboral e as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto por importe total de 100.000,00 € (cen mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2020.

**TERCEIRO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2020, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

**CUARTO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), na oficina de información do concello e na oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego (Casa do Concello – 4º andar).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2020**

### **Primeiro. Obxecto**

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2020, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas traballadoras máis vulnerables o seu acceso ao emprego que permita



## Concello de Vigo

mellorar o seu grado de empregabilidade na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)**, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 28 de agosto de 2020** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)**, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 28 de agosto de 2020**, agás as persoas traballadoras afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE), que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2019.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

### Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas emprendedoras e micropemes, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

### **Terceiro. Réxime da convocatoria**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

### **Cuarto. Normativa e Bases reguladoras**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 38/2003 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

### **Quinto. Contía**

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada Axudas á contratación dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **100.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)** cunha contía de **75.000,00€** (setenta e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

**II) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)** cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

O límite máximo de subvención por empresa non poderá exceder de 10.000,00 € en cada modalidade, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.





## Concello de Vigo

### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. **e rematará o 3 de setembro de 2020.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

**Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión temporal da atención presencial no Concello de Vigo por mor da situación de emerxencia xerada polo Covid-19,** quen careza de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderá achegar a súa solicitude e a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

### **Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación**

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

#### **Oitavo. Criterios de valoración**

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

#### **Noveno. Outros datos**

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), na oficina de información do Concello de Vigo e na oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego (Casa do Concello – 4º andar),

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

#### **Décimo. Publicación**

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.



## Concello de Vigo

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

### Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas emprendedoras e micropemes, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

### Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2020, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas ás persoas traballadoras máis vulnerables o seu acceso ao emprego que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa Indefinidos**, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 28 de agosto de 2020** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

**B) Programa Contratacións**, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 28 de agosto de 2020**, agás as persoas traballadoras afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE), que resulten do proceso de selección entre as candidaturas

remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2019.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

### **Terceiro. Bases reguladoras**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

### **Cuarto. Contía**

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada Axudas á contratación dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **100.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)** cunha contía de **75.000,00€** (setenta e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)** cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O límite máximo de subvención por empresa non poderá exceder de 10.000,00 € en cada modalidade, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)



## Concello de Vigo

que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 3 de setembro de 2020.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

**Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión temporal da atención presencial no Concello de Vigo por mor da situación de emerxencia xerada polo Covid-19,** quen careza de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderá achega a súa solicitude e a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

### **Sexto. Outros datos**

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), na oficina de información do Concello de Vigo e na oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego (Casa do Concello – 4º andar),

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

### **8(353).- PRÓRROGA DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN POR TERCEIROS PARTICULARES DOS SERVIZOS DE TEMPADA: QUIOSCOS NOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14527/306.**

Visto o informe xurídico do 15/05/2020 e o informe de fiscalización de 18/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- FEITOS**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de decembro de 2019, ditou resolución que na súa parte dispositiva di:

*“PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2020, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 14527/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:*

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada electronicamente 03/12/2019, consistente en:*
  - Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.*
  - Memoria descritiva das instalacións.*
  - Certificación de distancias entre quioscos.*
  - Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación nos que se representan as liñas de deslinde do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume deste dominio a escala 1/2000; de replanteo das instalacións de quiosco e dos servizos urbanísticos a escala 1:250 e fotografías.*
  - Planos de emprazamento dos quioscos sobre o de zonificación do PXOU e IOP.*
- Informe do delineante municipal da oficina de Inventario e Patrimonio en data 5 de decembro de 2019, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.*
- Informe do Servizo de Medio Ambiente sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2019, sen menoscabo do dominio público.*

*SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11).*

*TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).*

*CUARTO.- Requiritr ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019, que se cita na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE QUINCE DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte á notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2020 (01 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020), nas condicións no seu día aprobadas, nas que se citan neste acordo e das que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.*

*QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2020 para aqueles adxudicatarios que non se opoñan á prórroga da autorización; e proceder á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade,*



## Concello de Vigo

*imparcialidade, transparencia e concorrência competitiva, para a adxudicación, no seu caso, das autorizacións dos quioscos cuxos titulares da autorización se opoñan á prórroga da autorización para tempada 2020, de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.*

*SEXTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros titulares das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra. ”*

2.- As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, non só polos subministracións de bocadillos, bebidas, xeados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

3.- En cumprimento do citado acordo, requiriuse a todos os adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2019, co obxecto da prórroga das autorizacións para o ano 2020.

Todos os titulares das autorización presentaron escritos aceptando a prórroga destas para o ano 2020, polo que procede propoñela ó órgano competente trala correspondente obtención das autorizacións sectoriais precisas.

4.- O xefe do Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica en data do 24 de febreiro de 2020, autorizou a ocupación do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume de tránsito para a explotación dos servizos de temporada quioscos nas praias de Vigo no ano 2020, dos quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 (Documento 200031412, data 26/02/2020).

5.- O Servizo de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV en data do 31/03/2020, outorgou ó Concello de Vigo a autorización da Comunidade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre para a instalación, durante o ano 2020 (dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro), dos quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 (Documento 200046211, data 01/04/2020).

## **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”.*

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.
- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,
- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.
- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), regula no seus artigos 18 a 24 os requisitos para autorizar as instalacións de quioscos, expendedores de comidas e bebidas, ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre.

O artigo 92 e 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) establece as condicións, contido, procedemento para o outorgamento das autorizacións da ocupación privativa do dominio público.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 12 de decembro de 2019, aprobou o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2020, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2020.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais do 3 de decembro de 2019 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanístico, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en todos os casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Servizo de Urbanismo da CMATV da Xunta de





## Concello de Vigo

Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do termo municipal de Vigo para o ano 2020, recolle os mesmos quioscos en situación semellante que os instalados no ano 2019, modificándose minimamente o emprazamento do quiosco 2 Areal de Santa Baia e do quiosco 3 Tombo de Gato, por motivo da implantación de puntos de conexión permanentes ós servizos de abastecemento, saneamento e electricidade.

3.- A adjudicación das autorizacións a terceiros para a ocupación, instalación e explotación dos quioscos de temporada en praias no ano 2019, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 13848/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de maio de 2019, acordou:

1. Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 1 “quiosco do areal da Punta (A Guía)”, 7 “quiosco do areal de Samil” e 11 “quiosco do areal da Etea”, cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.
2. Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.
3. Autorizar a D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.
4. Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.
5. Autorizar a D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.

6. Autorizar a D<sup>a</sup>. ESTELA RIAL ABALDE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros.
7. En todo caso, deberán acreditar o pagamento do seguro esixido na cláusula décima do PCAP no prazo de 10 días.

Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno local e as ofertas presentadas.

5.- O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 11 de abril de 2019, establecía expresamente na cláusula terceira, apartado 4, que:

*“4.- O Concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2020 (do 1 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020). Con carácter previo a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica (lotes 1, 9, 10 e 11) e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8) con cuxas condicións haberá que cumprir en todo momento.”*

Na cláusula cuarta, apartado 5, o prego sinala que:

*“5.- No suposto de prórroga do contrato, o canon para a temporada do ano 2020 terá que aboarse antes do 31 de maio de 2020 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 2019 (temporada completa), sempre e cando sexa igual ou superior ó canon que resulte da aplicación das taxas das Ordenanzas fiscais municipais, incrementado, nos casos que proceda, co canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica. No caso de que o canon ofertado fose inferior, terá que abonar o que resulte da aplicación das ordenanzas fiscais municipais incremento, no seu caso, co canon do Servizo Provincial de Costas para esa tempada. ”*

6.- A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

*“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”*

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro.



## Concello de Vigo

A Xunta de Galicia na anualidade 2019 ditou os seguintes Decretos:

- O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019).

- O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

A dita harmonización normativa entre a normativa reguladora destas instalacións de tempada no dominio público marítimo terrestre e zona de servidume deste dominio, que se produciu na anualidade 2019, permite instar autorizacións sectoriais para un período de catro anos. Non obstante, cómpre revisar en detalle os emprazamentos definitivos dos quioscos para dotalos de servizos permanente de electricidade, abastecemento e saneamento, modelos de quioscos, o que se vai a acometer durante esta anualidade 2020, polo que se considera procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2020 (01 de xuño de 2020 ao 30 de setembro de 2020), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademais, a inmediatez da licitación (ano 2019) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Non obstante, tal prórroga debe constar co consentimento dos adxudicatarios toda vez que o prego de condicións non establecía que esta fora obrigatorio.

8.- Tralo correspondente requirimento, os titulares das autorizacións presentaron escrito aceptando a prórroga das autorizacións para o ano 2020: D. Manuel Lago Chapeta doc. 200027183, Administración de Playas, S.L. doc. 200024712, D<sup>a</sup> María Francisco Touriño doc. 200024516, D. Ricardo Santiago Daponte doc. 200028813, D<sup>a</sup> Obdulia Lastra Francisco doc. 200023542, D<sup>a</sup> Estela Rial Abalde 200021348.

9.- Consta no expediente as correspondentes autorizacións sectoriais:

- Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica data do 24 de febreiro de 2020, para ocupación do dominio público marítimo terrestre e servidume de tránsito dos quioscos n<sup>os</sup>. 1, 9, 10 e 11 (Documento 200031412, data 26/02/2020).

- Servizo de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV en data 31/03/2020, para a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre dos quioscos n<sup>os</sup>. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 (Documento 200046211, data 01/04/2020).

As instalacións e condicións dos quioscos deberán cumprir en todo momento coas referidas autorizacións.

10.- O canon a abonar polos adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos quioscos de tempada, para a prórroga das autorizacións no ano 2020, será o mesmo que o da tempada completa do ano 2019, reflectido no acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019 (Expte. 13848/306), ao abeiro do establecido na

cláusula cuarta, apartado 5, do PCAP e de conformidade co informe da xefatura do servizo de Medio Ambiente asinado dixitalmente en data 14 de maio de 2020.

11.- A Disposición adicional Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, suspendeu termos e interrompeu os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non obstante, pode acordarse a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas a feitos do estado de alarma, que sexan precisos para o interese xeral, para o funcionamento básico dos servizos públicos.

A Disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ó sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ó impacto económico e social da Covid-2019, acordou o levantamento da suspensión de términos e interrupción dos prazos do procedementos de contratación promovidos por entidades do sector público.

No presente caso, estamos ante un procedemento de prórroga de autorizacións para ocupación dominio público que se rexe pola lexislación de bens das entidades públicas, pero tamén supletoriamente pola lexislación de contratación das Administración pública polo que podería entenderse levantada a suspensión dos termos e prazos deste procedemento administrativo.

A maior abundamento, os titulares destas autorización de quioscos de tempada nas praias conleva a instalación de aseos hixiénicos móbiles de uso público ou, no seu caso, a obriga de limpar ou manter outros de titularidade municipal polo que se trata de servizos de interese xeral para a cidadanía no período estival.

Por último, as actuais normas de desescalada, en concreto, a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición cara una nova normalidade (BOE 09/05/2020), permitirían o funcionamento destas instalacións nas condicións nesta establecidas e que se prevén menos restritivas na medida que se avance nas fases do referido Plan do Goberno, o que xustifica a tramitación deste procedemento en congruencia coa dita norma.

12.- A competencia para a resolución do presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 e 11 da disposición adicional segunda da LCSP, en relación co artigo 127.e) da LRBRL),

En mérito ó que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Acordar a continuación da tramitación e resolución do presente procedemento administrativo de núm. 14527/306, de prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areas do Concello de Vigo, ao abeiro dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo.



## Concello de Vigo

**SEGUNDO.-** Acordar a prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areais do Concello de Vigo, outorgados por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2019 (Expte. 13848/306) a:

- D. MANUEL LAGO CHAPELA para os lotes 1 “quiosco do areal da Punta (A Guía)”, 7 “quiosco do areal de Samil” e 11 “quiosco do areal da Etea”, cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.
- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baía (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.
- D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.
- D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.
- D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.
- D<sup>a</sup>. ESTELA RIAL ABALDE para o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros,

para o período estival do ano 2020, comprendido dende 01 de xuño ó 30 de setembro de 2020 debendo cumprir en todo momento coas condicións no seu día aprobadas e as condicións xerais e particulares establecidas nas autorizacións sectoriais outorgadas por:

- Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica de data do 24 de febreiro de 2020, para ocupación do dominio público marítimo terrestre e servidume de tránsito dos quioscos nºs. 1 do areal de A Punta, 9 e 10 no areal de O Vao, e 11 no areal de A Etea (Documento 200031412, data 26/02/2020). Ocupacións máximas de 20 m<sup>2</sup> de superficie pechada e 50 m<sup>2</sup> de ocupación de terraza aberta, excepto o quiosco núm. 11 do areal da Etea que non ten superficie en terraza.
- Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de data do 31/03/2020, para a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre dos quioscos nºs. 2 no areal de Santa Baía, 3 e 4 no areal de Tombo do Gato, 5 no areal de Argazada, 6, 7 e 8 no areal de Samil (Documento 200046211, data 01/04/2020). Ocupacións máximas de 20 m<sup>2</sup> de superficie pechada e 50 m<sup>2</sup> de ocupación de terraza aberta, excepto o quiosco núm. 5 do areal de Argazada que ten 40 m<sup>2</sup> de ocupación de terraza aberta.

O emprazamento do quiosco 2 Areal de Santa Baia e do quiosco 3 Tombo de Gato, por motivo da implantación de puntos de conexión permanentes ós servizos de abastecemento, saneamento e electricidade, desprázanse minimamente conforme a documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada electronicamente 03/12/2019, a cal foi obxecto de aprobación pola XGL do 12/12/2019, e segundo a cal se outorgaron as autorización sectoriais.

Os adxudicatarios das autorizacións que se prorrogan deberán ingresar na Tesourería municipal do Concello de Vigo o importe do citado canon antes da instalación dos quioscos.

**TERCEIRO.-** Lembrar aos adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo, que deberán remitir o Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo a través do Rexistro Xeral ou de calquera das formas legalmente previstas, antes da instalación dos quioscos (1 de xuño de 2020), a seguinte documentación:

- Xustificante de ter ingresado na Tesourería Municipal o canon por cada lote adxudicado.
- Xustificante de ter subscrito unha póliza de responsabilidade civil en contía mínima de 300.000 euros por cada lote ou quiosco para cubrir a responsabilidade civil que puidera derivarse pola prestación do servizo na presente tempada 2020.
- Deberá manter a fianza constituída na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía e Facenda a favor do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Lembrarlles, en especial, que:

**DEBERÁN CUMPRIR EN TODO MOMENTO AS INSTALACIÓNS E FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE COAS NORMAS SANITARIAS OU DE SAÚDE PÚBLICA VIXENTES, EN ESPECIAL, AS RELATIVAS A EVITAR A PROPAGACIÓN DA COVID-19.**

**CUARTO.-** Dar conta do presente acordo aos servizos económicos municipais aos efectos do ingreso do canon establecido.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo aos adxudicatarios das autorizacións para os servizos de tempada: quioscos para o seu coñecemento e cumprimento, informándolles que contra este acordo de prórroga das autorizacións que pon fin á vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **9(354).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “VI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 9721/307.**

Visto o informe xurídico de data 7/05/2020 e o informe de fiscalización do 13/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 6/05/2020, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 11 de febreiro de 2020, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO VI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 27/12/2019, polo que se resolve o seguinte:  
“Delegar na concelleira delegada da área de Patrimonio Histórico, dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do SEXTO programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2020, a través do servizo de Patrimonio Histórico:
  - 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
  - 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
  - 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.”
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 11 de febreiro de 2020 para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DO 6º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”, redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 13 de febreiro de 2020, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 9 de marzo de 2020 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a

contratación das obras para a execución dos murais do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 9 de marzo de 2020.
- Informe favorable da asesoría xurídica do 30 de abril de 2020.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),





## Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorpore ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### **III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas** Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 9 de marzo de 2020.

**3º.- Autorizar o gasto de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL OITOCENTOS VINTESEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS** 259.826,50 € (con IVE) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(355).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DE DOUS OFICIAIS COIDADORES/AS, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE VIGOZOO PARA O SERVIZO DE VIGOZOO. EXPTE.:34797/220.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 13/05/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**I.-** Con data 01/10/2019, o director de Réxime Interior coa conformidade doa Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, solicita a cobertura interina da praza de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control incluída na OEP 2019. Na mesma data, solicita a cobertura da praza de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control motivado pola declaración de xubilación anticipada por vontade do empregado público 83292.

**II.-** Solicitado informe técnico, acerca de si existen as vacantes solicitadas e de ser posible a contratación, gasto económico do mesmo; en data de sinatura electrónica, se informa, entre outros aspectos, que: *“A data de hoxe, figuran aprobadas e pendentes de executar tres ofertas de emprego público nas que se inclúen prazas de Oficial de Oficinos, que se*

*corresponden con postos vacantes de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, pola quenda libre, segundo seguinte detalle:*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, publicada no DOG de 06/05/2016 e modificación no DOG de 28/12/2016, na que se oferta **dúas prazas**, que se atopan cubertas interinamente.*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018, publicada no DOG de 19/02/2019, na que se ofertan **tres prazas**, atopándose dúas delas cubertas interinamente. Con respecto a outra praza vacante infórmase que non se procedeu a súa cobertura por prestar servizos na actualidade un traballador laboral indefinido pero non fixo por sentenza xudicial firme.*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, publicada no DOG de 25/09/2019, na que se oferta **unha praza**, en situación de vacante libre.*

*De igual xeito, a data de hoxe figura vacante un novo posto de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, desde o pasado 30 de setembro de 2019, por xubilación do seu titular, polo cal dende a referida data se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible...”*

**III.-** A tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 11/11/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación, que, a vista das solicitudes de cobertura de vacante de 2 oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control, formuladas polo Director de Réxime Interior e a Concelleira-delegada da Medio Ambiente e Vida Saludable; se inicie expediente administrativo para ateder ao solicitado, a maior brevidade posible, polo procedemento legal oportuno, sempre na medida das posibilidades legais e de dispoñibilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais; e previa a realización da tramitación administrativa preceptiva.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **I.- Contratación de persoal laboral interino con cargo a praza vacante:**

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.



## Concello de Vigo

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo convido ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

En relación a existencia de prazas vacantes, constan dúas prazas vacantes de oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control do Vigo zoo, segundo o informe técnico referido no punto segundo dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente. Unha incluída na OEP correspondente ao ano 2019 (aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/08/2019-expte. 33237/220-, publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019), e outra producida con posterioridade, dende o 30/09/2019, logo da xubilación do anterior titular, existindo crédito orzamentario para a cobertura da praza

Segundo o artigo 128.2 do TRRL: “No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la OEP, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino

*para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos”.*

Pola súa banda, o artigo 10.4 do TREBEP: *“En el supuesto previsto en la letra a) del apartado 1 de este artículo- plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.-, las plazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos- deberán incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización.”*

Polo tanto a referida praza derivada da xubilación do anterior titular, deberá ser incluída na OEP 2020, de non ser posible, no ano seguinte, salvo que proceda a súa amortización.

Os/as funcionarios/as-contratados/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 689-oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo), adscrito ao Servizo de Vigozoo, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.**

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:



## Concello de Vigo

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

*No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral a necesidade de incorporar persoal interino asignado a funcións no ámbito do Vigo Zoo polo que procede a continuación do procedemento administrativo de contratación laboral interina en réxime laboral de dous/dúas oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo (expte 34797-220).*

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta os escritos de 01/10/2019, do director de Réxime Interior coa conformidade do Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saúdable, solicitando a cobertura interina da praza de oficial coidade de mantemento, vixilancia e control incluída na OEP 2019, e o escrito da mesma data, solicitando a cobertura da praza de oficial coidador de mantemento, vixilancia e control motivado pola declaración de xubilación anticipada por vontade do empregado público 83292. Así mesmo, a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta, "O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, dun posto de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo para o exercicio 2020 e de 33.736,50€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 25.547,46€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 8.189,04€, significando que o custe máximo anual por cada traballador para o presente ano será de 19.679,63€ (dos que 14.902,69€

*corresponden a retribucións e, 4.776,94€ a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 7 meses, xa que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 01 de xuño actual.”*

Tendo en conta que o técnico informa para o caso dun oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, o custo máximo anual do presente expediente para dous/dúas oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control, para o presente ano será de **39.359,26 €** (dos que 29.805,38 € corresponden a retribucións e, 9.553,88 € a seguridade social a cargo da Empresa).

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2020 imputarase con cargo ao programa orzamentario 342.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

Igualmente, no informe técnico especificase que: *“O gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento para o ano 2020, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:*

*“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”.*

*De este xeito, os créditos destas prazas vacantes foron utilizados durante o primeiro cuatrimestre do presente ano nas modificacións orzamentarias contidas nos expedientes 35335/220, 35477/220, 35581/220, 35599/220, e 35710/220, para suplementar a aplicacións orzamentarias 920.0.140.00.00 “outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente”, 920.0.160.00.09 Seguridade Social persoal interino sen praza, 920.0.150.0000 (productividade) e, 920.0.151.0000 (gratificacións), nunha contía total de 3.365.479,84€, sendo necesario poñer en marcha canto antes unha nova modificación orzamentaria cos créditos do presente mes de maio para suplementar, entre outras, a partida 920.0.140.0000.*

*Polo técnico que subscribe, reitérase a urxente necesidade de realizar a planificación da cobertura de novos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes incluídas nas OEPs pendentes de executar, priorizando segundo as necesidades detectadas nos distintos Servizos municipais e, as directrices que sexan proporcionadas polo Goberno Municipal en canto a priorización de cobertura de postos vacantes, aos efectos de garantir a cobertura orzamentaria dos gastos previstos no Capítulo I do Orzamento de Gastos no presente ano 2020 e seguintes, toda vez que a caída da actividade económica derivada da pandemia significará xa no presente exercicio 2020 uns menores ingresos municipais nos tributos relacionados con aquela (plusvalía, icio, taxas, etc). De igual xeito, para o exercicio 2021*



## Concello de Vigo

*terá que preverse uns menores ingresos nas transferencias do Estado asociadas ao IRPF, IVE e, outros recadados no ano 2020, polo que a cobertura das prazas vacantes debería limitarse as mínimas imprescindibles para o correcto funcionamento dos servizos municipais e que permita garantir a correcta xestión do Capítulo I do vindeiros orzamentos.*

*En conclusión, a praza antes mencionada de Oficial de Oficios (Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, atópase vacante, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente en réxime laboral. Reitéresa así mesmo que o Servizo de Vigo-Zoo conta cunha nova vacante desta categoría, pola xubilación en data 31/12/2019 do titular da praza."*

Non obstante, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de coidador/a, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, con cargo as prazas vacantes, de D<sup>a</sup>. M. C. López Jamardo con DNI \*\*\*2434\*\* e D<sup>a</sup>. A.M. Gómez Rodríguez con DNI \*\*\*1849\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexados ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo ás prazas vacantes de oficial de instalacións correspondentes á OEP 2019, e a vacante producida con posterioridade á OEP 2019 acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos

de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de *contratación laboral interina en réxime laboral de dous/dúas oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo (expte 34797-220)*, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino asignado a funcións no ámbito do Vigozoo.

**SEGUNDO:** Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** de dúas prazas de **oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociadas aos postos de traballo coa mesma denominación, (posto cód. 689-oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo), actualmente vacantes no Servizo de Vigozoo e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, autorizar o gasto máximo de **39.359,26 €** (dos que 29.805,38 € corresponden a retribucións e, 9.553,88 € a seguridade social a cargo da Empresa).

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2020 imputarase con cargo ao programa orzamentario 342.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

**TERCEIRO:** Contratar interinamente con cargo ás referidas prazas vacantes de oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control, a D<sup>a</sup>. M. C. López Jamardo con DNI **\*\*\*2434\*\*** (con cargo a vacante producida con posterioridade a OEP 2019, que deberá ser incluída na OEP 2020), e a D<sup>a</sup>. A.M. Gómez Rodríguez con DNI **\*\*\*1849\*\*** (con cargo a vacante incluída na OEP 2019), na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**CUARTO:** Dispoñer que aos interesados/as se lles formalizará contrato laboral-temporal de interinidade, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 689-oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, vacantes na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscritos ao Servizo de Vigozoo, extingúndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas de oficiais coidadores/as, mantemento, vixilancia e control, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído respectivamente nas Oferta de Emprego correspondente ao ano 2020, e a OEP 2019,





## Concello de Vigo

aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30/08/2019, no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

**QUINTO:** A xornada laboral dos/as traballadores/as contratados/as desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes contratados/as, ao Director técnico do servizo de Vigo, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(356).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA OPERADORA INFORMÁTICA PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 35610/220.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 14/05/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo de Administración Electrónica coa conformidade da Concelleira de contratación, patrimonio e xestión municipal, remite informe manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun programador e un operador, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que no contexto dun paquete de medidas relativas a nova situación, incluíu posibilitar sistemas de traballo non presenciais naqueles supostos xustificadas polas características e natureza dos postos, así como en base ás situacións de conciliación persoal ou familiar.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, e considerando a urxencia na dispoñibilidade dos efectivos

da categoría profesional indicada, que permita garantir o normal funcionamento do Servizo de Administración Electrónica no contexto referido; solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

**III.-** Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto.

**IV.-** Comprobadas as listas de reserva existentes das categorías solicitadas, e polo que respecta ao Programador/a de Informática, segundo informe de verificación de listas obrante no expediente (trámite 52): *“debido a necesidade urxente do seu nomeamento, unha vez verificada a listaxe de reserva, por non existir aspirantes, excepcionalmente verifícase as listaxes de reserva caducadas, ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19; da que tampouco existen efectivos dispoñibles para proceder ao seu nomeamento.*

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*



## Concello de Vigo

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.**

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral a necesidade de incorporar persoal interino asignado a funcións no ámbito da Administración Electrónica, polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino dun operador de informática, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro (expte 35610-220)

## **III.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal, o 31 de decembro de 2020.



## Concello de Vigo

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.124-operador/a de informática), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

#### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe de Administración electrónica coa conformidade da Concelleira delegada de patrimonio, contratación e xestión municipal, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas do persoal solicitado, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que no contexto dun paquete de medidas relativas a nova situación, incluíu posibilitar sistemas de traballo non presenciais naqueles supostos xustificadas polas características e natureza dos postos, así como en base ás situacións de conciliación persoal ou familiar; así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do servizo de Administración electrónica, ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19; resulta necesario a incorporación dun operador informático por acumulación de tarefas .

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

#### **V.- Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses do operador de informática, supón un gasto de **26.073,16 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.902,16 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: **32.975,32 €**.

O custo do referido nomeamento imputaranse á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

#### **VI. - Verificación das listas de reserva.**

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:



## Concello de Vigo

- *Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías dun/ha Programador/a de Informática e dun/ha Operador/a de Informática, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Operadora de Informática a, C. Martínez Pardo con DNI \*\*\*8307\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*
- *En canto a praza dun/ha Programador/a de Informática, debido a necesidade urxente do seu nomeamento, unha vez verificada a listaxe de reserva, por non existir aspirantes, excepcionalmente verifícase as listaxes de reserva caducadas, ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; da que tampouco existen efectivos dispoñibles para proceder ao seu nomeamento.*

O/a mesmo/a aceptou expresamente, mediante escrito que constan anexo ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VII. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino dun operador de informática (expte 35610-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino asignado a funcións no ámbito do servizo de Administración Electrónica.

**SEGUNDO.-** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como operador/a de informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo, transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Administración Electrónica**. En consecuencia, autorizar o gasto por importe de de **26.073,16 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.902,16 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: **32.975,32 €**.

O custo do referido nomeamento imputaranse á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**TERCEIRO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como operador/a de informática a *C. Martínez Pardo con DNI \*\*\*8307\*\**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**CUARTO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 124-operador/a de informática), sendo adscritos/as ao Servizo de Administración Electrónica, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**QUINTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

**12(357).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”. EXPTE. 495/441.**

Visto o informe xurídico de data 15/05/2020, e o informe de fiscalización do 18/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/05/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO- PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN” (Expte.:4220/440)”.

O citado convenio foi asinado por ambas institucións con data 30.12.2016, e do mesmo desprendese aos efectos deste expediente que: “O Concello de Vigo, pola súa parte, aprobada que sexa pola Administración autonómica a cesión da titularidade do tramo urbano de referencia, obrígase a:

- 1) Redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obra, debendo remitir un exemplar aprobado á Deputación Provincial.
- 2) Contratar as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- 3) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 4) Financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, ata a cantidade do trinta por cento das cantidades estimadas na memoria “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77” como custes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 1.037.101,50 euros.”

**2º.-** Mediante Decreto 22/2017, de 16 de febreiro, aprobouse o cambio de titularidade a prol do Concello de Vigo da Estrada Provincial CP-2001 O Calvario-A Garrida, tramo comprendido entre Igrexa de Beade-A Garrida (PO-330), lugar de Porto, entre o río Quintián e o nº 77 (D.O.G. nº 45 do 06.03.2017), correspondendo ao Concello de Vigo, o mantemento, conservación e explotación da citada vía.

**3º.-** Para levar a cabo dita actuación, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.11.2019, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (Expdte. 108-441)

**4º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 19 de febreiro de 2020, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal, en data 21 de febreiro de 2020, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

**5º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestrutura e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 19.02.2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 21.02.2020.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 20.03.2020.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 26.03.2020.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 14.04.2020.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 22.04.2020.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non



## Concello de Vigo

é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 20.03.2020.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Xefa do Servizo de Contratación en data 22.04.2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CEN MIL CENTO CUARENTA E CINCO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS** (100.145,05 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 17.380,55 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 (C. DEP. 2ª ANUAL. IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	45.065,27 €
2021	55.079,78 €
TOTAL	100.145,05 €

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 122,22 %.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, unha vez finalizado o Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(358).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez